



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO DE ESTUDOS XURÍDICOS (CEX) DO MINISTERIO DE XUSTIZA, PARA A PARA LA COLABORACIÓN EN MATERIA DE CURSOS SELECTIVOS Y ACTIVIDADES FORMATIVAS DE MÉDICOS FORENSES

Esta consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto Decreto 72/2013, do 25 de abril, no que se establece a súa estrutura orgánica.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a formación dos facultativos, médicos forenses e persoal técnico de laboratorio do IMELGA e contribuir á mellor capacitación do seus integrantes, o que favorecerá a aplicación práctica na súa actividade diaria, coa decidida finalidade de conquistar unha calidade pericial acorde coas esixencias da Administración de Xustiza e a os cidadáns aos que serve.

Antecedentes: mediante o Decreto 119/2005 creouse o Instituto de Medicinal Legal de Galicia coa filosofía de optimizar os recursos públicos, tendo como misión o auxilio en materia de Medicina Forense aos xulgados, tribunais, fiscalías e oficinas de Rexistro Civil en todo o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia..

Finalidade: Para os efectos sinalados, o 23 de abril de 2018 formalizouse co Centro de Estudios Xurídicos (CEX) do Ministerio de Justicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de dous anos dende a súa sinatura, prorrogable por outros dous anos.

O convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o CEX e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, nos seguintes ámbitos:

- a) En materia de cursos selectivos, para funcionarios en prácticas que aspiran a ingresar no Corpo Nacional de Médicos Forenses





b) En materia de actividades formativas, dirixidas a funcionarios de carreira do devandito corpo, ben dependan do Ministerio de Xustiza ou ben estean transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia

O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

- Estado ten competencia exclusiva en materia de Administración de Xustiza de acordo co artigo 149 1.5ª da Constitución Española.
- Á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de conformidade co disposto non Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndenlle, entre outras, as competencias en materia de formación do persoal ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia que foi traspasado polo Real Decreto 233/1998.
- As administracións públicas poden formalizar convenios de colaboración con outras entidades públicas e mais con persoas xurídicas suxeitas ao Dereito Privado, ao abeiro do establecido no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e mais non Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Financiamento: O convenio non leva obrigas nin compromisos de gasto adicionais aparellados para o orzamento do CEX nin da Comunidade Autónoma de Galicia. Cada parte asumirá a realización do seguimento administrativo e o control de cada unha das actividades que se desenvolvan.

Polo exposto, condiderouse xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 6 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018

